

TITULO DO TRABALLO.

***“OS SANTUARIOS MARIANOS DO MUNICIPIO DE “O SAVIÑAO”
(LUGO)***

Publicado na Rev. Croa, nº 30 (Boletín do Museo do Castro de Viladonga), Castro de Rei (Lugo), 2020.

AUTOR DO TRABALLO.

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

A. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DE O SAVIÑAO.

O municipio do Saviñao está situado ao sur da provincia de Lugo. Forma parte da Ribeira Sacra e está incluido na Comarca da Terra de Lemos. Posúe unha extensión de 196,55 km² e linda, polo norte cos municipios de Paradela e Taboada; polo sur co de Pantón; polo leste cos de Bóveda, Monforte de Lemos e Pantón; e polo oeste cos de Chantada e Taboada.

A nivel xeomorfolóxico, o trazo máis relevante en canto ao relevo deste municipio é a planicie existente con dous niveis de altitude: un de 600 a 700 metros, que ocupa a franxa central; e outro de 400 a 600 metros, que se prolonga ata o carón do río Miño.



A IMAXE MARIANA DE GUADALUPE. SAN VICTORIO.

Con respecto ao clima podemos distinguir unha transición entre os dominios climático oceánico mediterráneo, oceánico continental e oceánico de montaña ¹.

En canto a súa poboación, distribuída en 29 parroquias, foi descendendo dende mediados do século XX. Así, mentres que no ano 1950 o municipio do Saviñao contaba con 12.144 habitantes, pola contra no ano 2019 a poboación residente era de 3.735 ². As causas deste descenso radican na forte influencia das migracións ao extranxeiro – ata os

¹ EQUIPO “IR INDO”: GUZMÁN LÓPEZ, Criastina; IGLESIAS PÉRES, Montserrat e outros.: *Galicia en Comarcas, Lemos e Sarria*, Vigo: Ed. Ir Indo, 2005, páx. 148.

² IGE (Instituto Galego de Estadística).

anos 60 -; posteriormente, nos anos sesenta e setenta, a Barcelona; e xa en datas máis recentes ás principais cidades galegas e, tamén, ás vilas cercanas de Chantada e Monforte ³. Isto provocou un continuo avellementamento da poboación e, ,como consecuencia que o crecemento vexetativo fose negativo.

Este municipio, dende unha óptica económica, baséase dun xeito primordial no sector primario – actividades de índole agropecuario- que da traballo a case un 40 % da poboación activa. Neste sector cómpre sinalar os seguintes produtos agrícolas: as forraxes para o gando – 52% do labradío-; a pataca – o 12,90%;- o centeo -o 15, 30%;-



tamén, a superficie dedicada á vide, localizada nos bancais das ribeiras do Miño e que hoxe forman parte do Consello Regulador da Ribeira Sacra. Así mesmo a cabana gandeira foi adquirindo ao longo dos anos unha gran importancia, como queda reflectido nas feiras que dende o século XVIII se veñen celebrando tanto en Escairón – capital do municipio- os días 8 e 19 de cada mes coma en Currelos – segundo núcleo de poboación importante- o día 26. Polo que respecta ao sector secundario, agrupa a pequenas empresas de


construcción, de elaboración de queixos, e de produtos agropecuarios. Finalmente, o sector de servizos radica dun xeito especial en Escarión e Currelos, dando cobertura á poboación residente tanto no sur como no norte do concello.

A nivel histórico, atopamos importantes sinais da presencia humana na mamoña de Abuime e, tamén, nos numerosos restos da cultura castrexa moitos deles xa romanizados como queda patente nos achados de moedas e cerámica romana . No obstante, o auxe deste municipio e das súas terras colindantes veu dado co medievo, cando ao longo da Ribeira do Miño foron erguendose mosteiros, que lle deron a esta o apelativo de “Ribeira Sagrada do Miño”, conservándose na actualidade relevantes

³ EQUIPO “ IR INDO”. *Ob. Cit.*, páx. 149.

igrexas⁴. Durante o Antigo Réxime as comunidades parroquiais do actual municipio pertencían as seguintes xurisdiccionés: Abuime, Chantada, Moreda, O Incio e Broza, Taboada, Diomondi, Brollón, e os coutos redondos de A Cova e Vilasante, na maioría dos casos baixo o señorío dos Condes de Lemos. Logo, malia as reformas de comezos do século XIX seguiu a excesiva división administrativa ata o ano 1840 cando naceu o actual concello de O Saviñao.

B. MAPA DO SAVIÑAO NO ÁMBITO DA COMUNIDADE GALEGA E LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DOS SANTUARIOS MARIANOS⁵



⁴ BERNÁRDEZ LÓPEZ, M^a Elena.: *Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia, 1993, páx. 1336.

⁵ FIGUEROA Paz, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). *Autor do mapa de localización dos santuarios do municipio de Sarria*.

C. ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS SOBRE A RELIXIOSIDADE POPULAR E A SÚA EXPREXIÓN BÁSICA: O SANTUARIO.

Este concepto é un termo complexo, confuso e mesmo ambiguo. Isto é debido a que se nos fala dun xeito continuo de “devoción popular”, de “relixión popular”, de e “espiritualidade popular”, de “relixiosidade tradicional” etc. Todo isto motiva que non



ANDAR NOVENAS. SANTUARIO DE AIAZ.

sexa doado definir a relixiosidade do pobo, xa que é un mundo de sentimentos, vivencias, ritos, expresións prácticas⁶.

Para o teólogo *Luís Maldonado* a piedade popular que él prefire darlle o nome de “catolicismo popular” “relixiosidade popular” é a sintese dun cristianismo establecido nas poboacións rurais de Europa logo de introducirse nas súas creencias, é dicir, na súa relixiosidade telúrica e no seu estilo de vida agro-cultural⁷. Este concepto está moi ligado coa visión estática a que fai alusión *Michel Vovelle*⁸. Así mesmo, *Pedro Castón Boyer* prefire falar de “relixiosidade tradicional” para diferenciala dunha “relixiosidade

⁶ TOSCHI, P.: *Guida allo studio delle tradizioni popolari*. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974, páx. 24.

⁷ MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

⁸ VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131. “Esta visión, propia dos folkloristas estaría relacionada cun conxunto de supervivencias pagás, de supersticiones e xestos máxicos, con trazos de sincretismo cristián”

oficialista". A primeira estaría reflectida en todos aqueles comportamentos relixiosos, que integran a cultura dun pobo e, polo tanto, vencellados co seu universo simbólico⁹. Pola súa banda, o antropólogo *W.A. Christian* evita o uso da expresión “relixión popular” xa que o termo “popular” rematou por connotar o sentido de rural por oposición a urbano; primitivo por oposición a civilizado; tradicional por oposición a moderno...Isto motiva que sexa partidario de falar de relixiosidade local, xa que os costumes relixiosos coas súas semellanzas e diferencias teñen en común á vinculación a un lugar concreto e a un orixe histórico¹⁰. Finalmente, os antropólogos *Gurutze Arregui* e *Ander Manterola* manifestan que a relixiosidade popular é unha das manifestacións da cultura dunha comunidade, que ten como ámbito de estudio o conxunto de crenzas e rituais froito da actividade simbólica dun grupo humano e que o propio grupo humano caracterizou como sagrados e relixiosos¹¹. A relixiosidade de cada pobo, como todo fenómeno vivo, ten os seus trazos especiais. É parte da cultura, dun modo de pensar e de vivir. Para comprendela cómpre ter en conta o pasado; o que na actualidade lle rodea; os trazos do lugar; o estilo das persoas; como viviron o cristianismo; que é o que herdaron dos séculos pasados; que é o que cada unha das xeracións recibiu e aportou. Polo tanto, é popular o que o pobo crea mais tamén o que recibe, asimila e fai propio.

Por outra banda, o fenómeno relixioso popular tenta dar solución a necesidades non satisfeitas polo sistema relixioso oficial; polo tanto, fronte á linguaxe conceptual do sistema oficial, que é ininteligible para a xente sinxela, a relixiosidade popular tende de cara a outras linguaxes baseadas na sensibilidade e na imaxinación. Como produto da sensibilidade proxectámonos de cara a algo singular, concreto e tanxible, reflectido nas imaxes, e símbolos de entidades divinas. Como producto da imaxinación proliferan as narracións e lendas, que son instrumentos de transmisión oral de diferentes eventos relixiosos¹².Estes novos modos de percepción do sagrado están más cercanos ao corazón que ao entendemento. En consecuencia, a relixiosidade popular aparece más como a expresión de aqueles que sinten e ven, que de aqueles que saben e coñecen. Así

⁹ CASTÓN BOYER, Pedro.: “La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica”, en CASTÓN BOYER y otros, *La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular*. Sevilla: Edt. Andaluces Unidos, 1985, páx. 101.

¹⁰ CHRISTIAN JR, William A.: Religiosidad local en la España de Felipe II, Madrid: Nerea, 1991, páx. 11.

¹¹ ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). *Diccionario temático de Antropología*. Barcelona: Boixaneu, 1993, páx.532

¹² BASURKO, Xavier.: “ Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular. II Semana de Estudios de Hª Eclesiástica del País Vasco*. Vitoria, 1982, páx. 307.

mesmo, este fenómeno relixioso amosa un claro componente pragmático en canto que se fundamenta nun mutuo intercambio de favores.

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular encontrámola nos santuarios. O santuario é un espacio de culto representado por unha ermida, capela ou igrexa parroquial. A él acoden devotos da propia parroquia, na que se empraza o recinto sacro e, tamén, doutras comunidades máis ou menos lonxanas segundo o grao de influencia que exerza o lugar sacro en relación aos prodixios ou curacións, que lle adxudicaron a súa imaxe de devoción ao longo da súa historia. Estes contribuíron a fomentar e dar solidez a súa devoción. . *“El Santuario es un lugar de culto que atrae romeros en ámbito superior al local”*¹³. Cando os romeiros non pertencen á parroquia o máis habitual é que veñan o día ou días propios da festividade da entidade sacra, simbolizada por algunha adbocación de Cristo; de María; ou dalgún santo-a. *“El santuario es un templo en el que se venera la imagen o una reliquia de la Divinidad, de la Virgen o de un santo de especial devoción”*¹⁴ . Estes adoitan acudir ben dun xeito individual ou colectivo para pregar á divindade a súa mediación ante unha serie de rogativas de índole material (sandar, obter boas colleitas, rogo polos recen nados...) e, algunas -ás menos- de carácter espiritual; tamén, veñen para cumplir coas promesas ofrecidas, logo de que a entidade sacra lles outorgase as peticións requeridas. *“Los santuarios son percibidos como espacios sagrados, de los cuales irradia la salud material o espiritual, y a los que se acude de forma individual o colectiva”*¹⁵ .

D. OS SANTUARIOS MARIANOS DO MUNICIPIO DE “ O SAVIÑAO”.

I. SANTUARIO DA VIRXE DOS MILAGRES

1. LOCALIZACIÓN DO RECINTO SAGRADO.

¹³CEBRIÁN FRANCO, Juán José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, pax.6.

¹⁴MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos*. Vigo: Ed. Xerais, 1987, pax. 13.

¹⁵PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, pax. 227.

O santuario dos Milagros está situado no lugar de Aiaz, pertencente á parroquia de Ousende, concello de O Saviñao, provincia de Lugo. A nivel eclesiástico este recinto sacro forma parte da freguesía de Santa María de Ousende, arciprestado de O Saviñao, e diocese de Lugo. Ao igual que outras freguesías limítrofes Ousende pertenceu ao territorio xurisdiccional de A Pobra de Brollón, unha das poucas terras de realengo que existían na demarcación provincial lucense. Nun documento da catedral de Lugo, con data 18 de maio de 1222, lese "Santa María de Ousindi". Así mesmo, no ano 1231, Fernando III confirma as posesións do mosteiro de Santa María de Meira nas que se cita o monte de Aiaz, un dos lugares da freguesía, que dista 8 km. da capital municipal, que é Escairón.

COORDENADAS U.T.M.

X: 616. 251 Y: 4.721.240.

É mester destacar varias referencias sobre este santuario:

“OUSENDE. Es la capilla del lugar de Ayaz, punto de cita de gran cantidad de gentes da la zona alta del Saviñao, que el primer domingo de junio, rinden piadoso homenaje a la imagen de Nuestra Señora de los Milagros”¹⁶.

“OUSENDE, Santa María.

Ermita de Nuestra Señora de los Milagros de Aiaz. Saviñao. Lugo. 1º domingo de junio”¹⁷.

2. PIEDADE POPULAR.

O primeiro domingo e luns de xuño conmemórase a festividade dos Milagres. Acoden romeiros de diferentes parroquias do concello do Saviñao,e, tamén, de concellos limítrofes como Bóveda, Monforte e Pantón.

Consonte é habitual, ao recinto sagrado acoden moitos devotos para pregarlle á Virxe a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido.

¹⁶ www.diocesisdeLugo.org. “Santuarios de la Diocesis de Lugo”, 7-xii-2012.

¹⁷ CEBRIÁN FRANCO, Juan José . : *Maria en los Pueblos de España. Guía paera visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Madrid: Ed. Encuentro, 1989, páxs. 196-197.

Entre as peticións más relevantes están as doenzas humanas de distinta índole e os problemas de carácter familiar e social. Ás veces, os pedimentos adoitan levarse a cabo por fieis, que non poden acudir ao santuario por motivos de saúde. Antano, a comunidade de Aiaz , cando había moita seca, suplicaballe á Virxe para que houbera chuvia.

2.1. RITUAIS ROMEIROS E OFRENDAS.



As peticións dos fieis supoñen unha actitude de submisión á Virxe, que é considerada como unha importante mediadora perante de Deus mais tamén como unha entidade que ten poder

RITUAL PROCESIONAL. SANTUARIO DE AIAZ.

propio. Para expresar este sometemento ao poder sacro, os ofrecidos cumpren cunha serie de promesas que poden realizarse, indistintamente, denantes ou despois da concesión do pedimento. Para iso, os devotos adoitan tomar parte en diferentes rituais e ofrendas que describo a continuación:

Nove días denantes da festividáde celébrase ao atardecer unha novena na honra da advocación mariana, consistente no rezo diario do Santo Rosario, na celebración dunha misa con predicación, para rematar coas pregarias de cada día e as xerais, así como o rogo dos fieis asistentes ao ritual..

No que atinxo aos rituais e prácticas penitenciais, un costume aínda vixente é o de vir andando dende o lugar de orixe, tanto dende diferentes lugares do Saviñao como doutros concellos limítrofes – Bovéda, Monforte-. Camiñar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está ligado ao esforzo que debe realizar o ofrecido para chegar á meta romeira, acumulando así méritos que propician ao ente sacro. Unha vez no santuario os fieis participan nalgunha das misas oficiadas ao longo da mañá e primeiras horas da tarde. No ano 2013, o primeiro domingo de xuño o párroco oficiou misas as 10, 11,15, 12, e 13,30 horas. O resto do ano a capela úsase para celebrar os rituais funerarios das persoas, que viven neste lugar, xa que conta con cemiterio propio. Tamén, o crego da parroquia oficia misas ofrecidas polos fieis a advocación mariana.

Ademais da participación na liturxia oficial, os ofrecidos levan a cabo diversos rituais populares. Un deles é o de circunvalar o templo unha ou varias veces – sempre número impar - de pé, descalzos ou calzados. Tamén realizan o ritual de “*Andar Novenas*” consistente en dar nove voltas de pé - descalzos ou calzados- arredor da imaxe da Virxe, que está colocada enriba dun pequeno carro enfeitado con moitas flores. Así mesmo, hai devotos que tocan o manto da advocación mariana cos seus panos e mans e, logo, pásanos por diversas partes do corpo cunha finalidade protectora e sandadora.



Rematada a misa maior, que se celebra ás 13,30 horas, os romeiros participan na procesión, que percorre o perímetro do santuario. A orde da mesma é a seguinte: a cruz parroquial e un estandarte, levados por fregueses da parroquia; a imaxe da Virxe dos Milagres nun pequeno carro enfeitado, tirado por dous devotos; a imaxe do San Antón de Padua; a imaxe do San Xosé e a imaxe da Virxe das Dores. As imaxes do San Antón e a do San Xosé, eran portadas en andas por homes da freguesía de maneira preferente, mentres que a da Virxe das Dores o era por mulleres; logo, os cregos concelebrantes e

os fieis en xeral sen distinción de idade ou sexo; finalmente, algúns membros dunha orquestra tocando unha marcha procesional.

Como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiciatoria, os romeiros depositan nunha boeta unha esmola en metálico no intre de realizar o ritual de “*Andar Novenas*”. Tamén, ofrendan “velóns” –cirios pequenos-, que permanecen acesos no lado esquierdo do presbiterio. Velas pequenas, que se acenden automáticamente nun lampadario. Ramos de flores, que contribuen á ornamentación da advocación mariana. E, tamén, misas de ofrenda, que o párroco oficia na capela ao longo do ano. No ano 2013, houbo unha ofrenda de 50 misas en ambos os dous días de festividade, sendo o prezo de cada misa a 10 euros.

Noutrora subastábase a colocación da imaxe da Virxe enriba do carro, así como o toque das campás no intre da procesión. Díciase: “*que alonzaba de todo mal ao que as tocaba*”.

Ao rematar os oficios relixiosos, moitos fregueses participan do momento de lecer e percorren cos seus amigos e familiares máis achegados os diferentes postos de venda ambulantes; toman algunha bebida nalgún bar do feiral; e finalmente, van xantar cos seus invitados. Á noite, participan da verbena, ben bailando ou reparando como tocan as diferentes orquestras.

II. SANTUARIO DA VIRXE DOS REMEDIOS.

1. SITUACIÓN E RESEÑA ARTÍSTICA

O santuario é unha igrexa parroquial, que se encontra no lugar de Diomondi, parroquia do mesmo nome, concello de O Saviñao, provincia de Lugo. En canto á administración eclesiástica, pertence á freguesia de San Paio de Diomondi, arciprestado de O Saviñao, e diócese de Lugo.

COORDENADAS U.T.M.

X: 605.669 Y: 4.716.596.

As primeiras fontes documentais fan alusión ao século VIII, cando o bispo Odoario dominou este territorio, chegándose a decir que pasou os últimos anos da súa vida no mesmo.

A igrexa parroquial de San Paio de Diomondi foi nos seus inicios o templo dun antigo mosteiro benedictino do século X. Este mosteiro foi beneficiado con privilexios e doazóns por parte dos reis Fernando II e Alfonso IX, sendo ratificados por algúns papas como Alexandre III. Co paso dos anos este cenobio pasa a ser de dominio real ata que a finais do primeiro tercio do século XIII foi restituído ao obispado de Lugo polo rei Fernando III.



A súa construcción actual data moi probablemente dos séculos XII e XIII, moi vinculada ao románico compostelán e cunha importante relación coa igrexa de San Estebo de Rivas de Miño. A nivel arquitectónico, neste recinto sacro imos distinguir catro elementos xerais: A fachada. Os muros laterais. A nave. E a ábsida.

1. A Fachada.

Dende unha óptica ornamental, esta amosa tres arcos: dous, laterais, que son cegos e de descarga; e o central, abocinado, que é onde se encontra a porta principal. Esta mostra catro

OFRENDA DE VELÓNS E VELIÑAS. DIOMONDI.

arquivoltas con molduras de baquetón e escocias con bolas, que se apoian nunhas columnas monolíticas de mármore; os seus capiteis presentan unha decoración simétrica pareada a base de aves, cuadrúpedos, centauros...; así mesmo, as mensulas da porta están enfeitadas con dúas cabezas de cánidos, probablemente lobos; estas son o sostén dun tímpano liso no que hai un epígrafe, que nos sinala a data de 1170. A fachada ou frontis remata nunha espadana antiga, de dous vans¹⁸

2. Os Muros Laterais.

¹⁸ BAENA YERÓN, Carmen.: “Diomondi”, en www.Arquivoltas.com.

As paredes laterais do santuario mostran dúas portas: a Norte, perceptible só dende o interior da nave, mostra unha ornamentación de billetado e dúas cabezas de cánidos nas mensulas; a Sur, tamén decorada con billetes na súa parte interior, presenta no exterior un timpano cunha sobre ringleira de arquillos cegos e dous bois nas mensulas. Ademais, na parede Sur hai cinco tramos, resultado dos cinco contrafortes existentes; neles, ábrense pequenas fiestras, enmarcadas por arquivoltas cun baquetón e unha escocia con bolas , que se apoian en lixeiras columnas, que amosan capiteis de índole vexetal. Ademais, todo o muro está percorrido por unha imposta axedrezada.

3. A Nave.

No interior hai cinco treitos, separados por columnas adosadas á parede, que sosteñen arcos apuntados, que a súa vez serven de sostén ao teito de madeira, que amosa a nave. En cada un destes treitos (espacios) hai unha imposta de billetes, que marcan o inicio de cada unha das fiestras, que iluminan a nave. Por outra banda, a ambos os dous lados da nave cómpre distinguir dous retablos neoclásicos, do século XIX: o do lado esquierdo mostra unha escultura de media talla da Asunción, e outra completa do San Antón de Padua. Ademais, hai anos houbo un retablo maior, que se quitou para mellorar a visión da ábsida interior.

4. A Ábsida.

Está formada por un tramo recto e unha cabeceira semicircular, separadas por un arco faixón sobre columnas adosadas con capiteis vexetais; amosa na cuberta unha bóveda de canón e cuarto de esfera. A cabeceira presenta tres fiestras, que se corresponden cos tres tramos, nos que se divide externamente o tambor, que están separados por semicolumnas. A parte superior da ábsida exterior amosa uns canecillos de carácter xeométrico.

5. A Sancristía.

Mostra unha cuberta de madeira a tres augas. No seu interior gardábase unha cruz parroquial de prata do século XVIII; e, tamén, varios cálices de prata dos séculos XVIII e XIX.

Con respecto aos materiais de construción, os muros da igrexa son de sillar, dispostos en fiadas horizontais. Pola contra, o pavimento é de cantería mais menos labrado.

Finalmente, conservase o Palacio de Diomondi, unido á igrexa parroquial polo flanco norte. Este foi construído entre os séculos XIII e XIV, e constitue un dos poucos exemplos de arquitectura civil, existente na provincia de Lugo ¹⁹.

2. DEVOCIÓN POPULAR.

Os días 22 e 23 de agosto conmemórase a festividade da Virxe dos Remedios. Acoden devotos de parroquias do Saviñao e de concellos limítrofes como Bóveda, Monforte, Pantón etc. Os pedimentos más usuais adoitan facerse por doenzas humanas. No obstante, os devotos tamén formulañan rogativas fronte á crise da propia facenda ou por problemas de índole familiar e social. Ás veces, os pedimentos adoitan levarse a cabo por fieis que non poden acudir ao santuario por saúde.

Os ofertantes levan a cabo habitualmente a promesa logo de acadar as diferentes peticións. Trátase duns cumprimento “a posteriori”, que recibe o nome de ofrenda condicionada ou petición condicional. Tamén, hai fieis que acoden todos os anos por algunha rogativa concedida noutrora pola entidade sacra. A este tipo de promesa dáselle o nome de “ofrenda de acción de gracias”.

2.1. RITUAIS ROMEIROS E OFRENDAS.

As peticións dos fieis supoñen unha actitude de submisión á imaxe mariana. Polo tanto, os ofrecidos levan a cabo unha serie de rituais, que teñen como finalidade impetrar a axuda da advocación mariana ou agradecer o favor xa recibido. Así, aínda que námbalas dúas datas a maioría dos romeiros acoden en coches privados e públicos, hainos tamén que veñen andando dende o seu lugar de orixe. Ao chegar ao centro sagrado oen unha das misas, que se ofician pola mañá , ao mediodía, ou a primeira hora da tarde, momento no se que se concelebra a misa solemne, que o dia 22 foi presidida polo vicario da diócese de Lugo e outros dous cregos de freguesías limítrofes. No ano 2013, tanto o día 22 como o 23 de Agosto oficiarónse misas as 10,11,12, e 13 horas.

Ao rematar a misa maior sae a procesión, que percorre o campo da festa para retornar de novo ao recinto sacro. Diante da procesión vai o pendón parroquial, levado por unha freguesa da parroquia; logo, a cruz parroquial, portada por un devoto da

¹⁹ RIELO CARBALLO, Nicánor.: *Inventario Artístico de Lugo e provincia*, Madrid: M.E.C. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. T.II. 1975, páxs. 293-294.

parroquia; a continuación, o estandarte parroquial, levado por un fregués da comunidade; despois, a imaxe de San Paio, patrón da parroquia, levada por dous homes e dúas mulleres da freguesía; de seguida, as advocacións marianas de Fátima e a Inmaculada, portadas por mulleres da parroquia; logo, a advocación mariana dos Remedios nun pequeño carro, ornamentado con flores, que é levado por dous devotos e acompañado por outros preferentemente mulleres, portando nas súas mans “velóns” acesos; e, como remate, os cregos concelebrantes e bastantes fieis mesturados sen distinción de idade e sexo.



RITUAL PROCESIONAL. SANTUARIO DE DIOMONDI.

Ademais da participación na liturxia oficial, os ofrecidos levan a cabo diversos rituais populares. Un deles é o ritual de “*Andar Novenas*” consistente en dar nove voltas de pé arredor da imaxe da Virxe, que está colocada enriba dun pequeño carro enfeitado con flores. Así mesmo, hai devotos que tocan o manto da advocación mariana cos seus panos e mans e, logo, pasanos por diversas partes do corpo cunha finalidade protectora e sandadora.

Así mesmo, como compensación polos favores recibidos, ou como ofrenda propiciatoria, os romeiros realizan as seguintes ofrendas(Ano 2013):


Achegan “velóns” –círios pequenos-, que colocan acesos no interior do santuario; estes son vendidos polo párroco no interior da sancristía a un euro. Tamén, acenden as

lamparillas, que hai colocadas en tres lampadarios. Námbolos dous días os devotos acenden máis de 200 lamparillas, e uns 150 “velóns”.

Aportan esmola en metálico nas boetas, que hai no templo, e no transcurso das misas. Ofrecen misas; námbolos dous días hai unha oferta de 40 misas, que teñen un prezo cadanxeu de 7 euros. Tamén, traen algúns ramos de flores, que adoitan colocar no carro da Virxe.

Ao rematar os oficios relixiosos, celébrase unha romaxe campestre na que o eixo fundamental xira en torno aos xantares, que se levan a cabo nun souto preto do feiral, por parte de romeiros procedentes preferentemente de Escairón e Monforte.

III. SANTUARIO DA VIRXE DE GUADALUPE.



1. SITUACIÓN.

1.1. P.Civil. Monte da Capela.
Parroquia de San Vitorio de Ribas de Miño. Concello lucense de “O Saviñao”.

1.2. P.Eclesiástico. Freguesía de San Vitorio de Ribas de Miño.
Arciprestado de “O Saviñao”.
Diócese de Lugo.

COORDENADAS U.T.M.

X: 604.997 Y: 4.723.939.

Sobre este santuario cómpre distinguir algunas referencias:

SANTUARIO DA VIRXE DE GUADALUPE

“RIVAS DE MIÑO. San Victorio.

Ermita de Nuestra Señora de Guadalupe. Saviñao. Lugo. 25 de marzo y 8 de septiembre.

*“Espacioso templo neoclásico situado en paraje espléndido desde donde se domina gran parte de la tierra chantadina”*²⁰.

“RIVAS DE MIÑO. San Victorio.

*La ermita de Nuestra Señora de Guadalupe, templo espacioso de corte neoclásico, situaqda en un lugar destacado en donde comienzan los bancales de la profunda ribera del Miño, atrae las miradas y la devoción de los fieles de un gran cortorno de la comarca chantadina de donde es visible. Celébranse sus fiestas el 25 de marzo, y domingo más próximo al 8 de septiembre”*²¹.

2. RESEÑA ARTÍSTICA DO SANTUARIO.

Trátase dun relevante santuario, que foi erixido polo abade de San Victorio, Pedro Losada Prado de Soutomaior, cando dirixía a diocese de Lugo Francisco Armayá i Font. A súa construción iniciouse no alto do monte de A Capela o 12 de Xullo de 1775.

Dende unha óptica arquitectónica é un edificio de planta de cruz latina, que mostra os seguintes elementos:

Unha soa nave rectangular.

Un cruceiro cunha cúpula cuberta sobre pechinhas e catro arcos torais nos brazos, que amosa dúas capela laterais nos seus flancos.



RITUAL DE CONTACTO. GUADALUPE

Unha capela maior na cabeceira, que é recta no exterior e poligonal no interior, e que está cuberta cunha bóveda de canón; esta conserva restos de pinturas muráis.

²⁰ CEBRIÁN FRANCO, Juan José . : *Maria en los Pueblos de España. Guía paera visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Madrid: Ed. Encuentro, 1989, páxs. 196-197.

²¹ www.Diocesisdelugo.org. “Santuarios de la Diocesis de Lugo”, 7-XII-2012..

Ademais, a fachada principal presenta unha portada moi sinxela, de arco alintelado, sobre a que se sitúa unha cornixa, que serve de apoio a un timpano; este está rexido polo relevo dunha Piedade. Por riba da portada ábrese un óculo, que fai posible que o coro esté ben iluminado. Así mesmo, cómpre distinguir na fachada dúas torres, de escaso desenvolvemento, e unha balconada entre as mesmas, que adoitaba usarse o día da romaxe para a concelebración da misa solemne, cando había moitos devotos.



Por outra banda, dende unha óptica ornamental é mester sinalar no interior do recinto sacro tres retablos: un, maior; e dous, laterais. O retablo maior, do segundo tercio do século XVIII, perdeu parte da súa policromía orixinal mais é onde aínda encontramos as esculturas de San Xoán; da Nosa Sra. de Guadalupe; e de San Pedro. O retablo lateral derecho, de finais do século XVIII, amosa unha escultura do San Antón Abade. O retablo lateral esquierdo, de influencia rococó, mostra as esculturas de San Buenaventura e dunha Inmaculada. Tanto a estructura dos retablos como a súa decoración

RITUAL PROCESIONAL GUADALUPE.

teñen certa influencia dos santuarios mexicanos do século XVIII ²².

A nivel constructivo, a capela esta realizada con cachotería de granito, empregando a cantería más labrada para as portadas e os vans.

Finalmente, é mester sinalar que debido ao estado precario, que amosa a capela, a diputada nacionalista Olalla Rodil expuxo na comisión de Cultura do Parlamento de Galicia a súa preocupación polo cuidado deste ben patrimonial malia formar parte do BIC (Ben de Interese Cultural). O P.P. – responsable do goberno da Xunta-

²² RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo e provincia*, Madrid: Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos, 1983, páxs. 375-376.

respondeulle que a Xunta ten previsto actuar sobre o patrimonio incluído no BIC en función dunha orde de prioridades ²³.

3. PIEDADE POPULAR.

A festividade da Virxe conmemórase o sábado e o domingo más próximos ao 8 de setembro. Hai anos a súa conmemoración festiva levábase a cabo o 8 e 9 de setembro e, tamén, o 25 de marzo. Nesta última data os romeiros adoitaban traer ofrenda en especie – produtos do cocho preferentemente –, que un fregués da parroquia poxaba o domingo de Resurrección, logo dos oficios relixiosos. Así mesmo, neste recinto sacro celebrábase no mes de Outono a festividade da Virxe do Rosario.

A este espazo sacro acoden devotos de distintas parroquias do concello do



OS DEVOTOS OINDO A MISA SOLEMNE. GUADALUPE.

Saviñao e, tamén, doutras comunidades pertencentes aos concellos limítrofes de Taboada, Chantada, e Bóveda.

3.1. PETICIÓNNS, RITUAIS E OFRENDAS.


Os pedimentos más usuais adoitan facerse por doenzas humanas e por boas colleitas na Ribeira. Tamén, por outros problemas de índole familiar e social. Polo tanto, os devotos interceden ante á Virxe, cumprindo cunha serie de rituais e ofrendas.

Así, hai fieis que áinda veñen andando dende o seu lugar de orixe, que acostuma ser de parroquias do Saviñao e, tamén, doutras comunidades próximas ao recinto sacro mais xa pertencentes aos concellos de Taboada e Chantada. Camiñar é a forma máis sinxela

²³ DÍAZ, L.: *Estado precario da Capela de Guadalupe*, Voz de Galicia. Monforte, 18-1-2019.

de purificación e mortificación corporal. Unha vez no recinto sacro os devotos oen unha das dúas misas, que se ofician no transcurso da mañá e primeiras horas da tarde. Ao rematar a misa solemne, que se oficia as 13,30 horas, os fieis participan na procesión, que leva a cabo o ritual de circunvalación en torno a unha cruz, situada preto do santuario. Logo, percorre o perímetro do recinto sacro. A procesión reviste a seguinte estructura en canto aos seus elementos:

A cruz parroquial e un pendón, levados por fregueses da comunidade parroquial. Logo, as imaxes do Neno Xesús, de San Antón, de San Xoán, de San Victorio, da Virxe do Rosario, levadas en andas por fieis da comunidade parroquial. A continuación, a imaxe mariana de Guadalupe nun pequeño carro enfeitado, que leva un neno sentado e que é impulsado por dous devotos. Rematando o cortexo procesional, vai o crego oficiante; algúns músicos tocando unha marcha procesional, e un bo número de devotos colocados sen distinción de idade e sexo.



OFRENDA DE VELÓNS. GUADALUPE.

sandadora denantes da celebración da misa solemne ou logo. Ademais, hai fieis que, como ofrenda propiciatoria, aportan unha esmola en metálico; ramos de flores, e algunha misa. Tamén, os mantos, que levou a Virxe na procesión ao longo dos anos, adoitaban ser ofrenda de fieis da comunidade parroquial. Así, no ano 2016, esta advocación mariana tiña dous mantos: un vermello e outro azul de doazóns de devotos, cos que saiu na procesión en ambos os dous días de festividade. Así mesmo, esta imaxe mariana soía saír na procesión cos pendentes e medallas, produto das doazóns de devotos no transcurso dos anos.

Por outra banda, no interior do santuario, hai devotos – preferentemente mulleres – que bican e tocan o manto da Virxe cunha finalidade profiláctica e

Noutrora, levouse a cabo unha danza na honra da Virxe de Guadalupe. Nos seus inicios houbo catro parellas de danzantes, quedando logo tres, que se adicaban a facer “as venias” á Virxe ²⁴; a realizar “repasos” por toda a procesión ²⁵; e, finalmente, “volteretas” en torno a imaxe de devoción ²⁶. Os danzantes levaban nas súas mans unhas castañolas, que era un instrumento de percusión, composto de dúas pezas cóncavas de madeira en forma de cuncha; estas estaban ligadas cun cordel aos dedos, que as facían bater unhas contra outras. A vestimenta era moi semellante á dos



danzantes da Cervela (O Incio), resaltando unhas mantillas de diversos cores, que levaban colocados sobre os ombros²⁷. Aínda que este ritual, como dixemos, hai anos

DIMENSIÓN PROFANA DA ROMERÍA. GUADALUPE.

que non se celebra, con todo as persoas de máis idade da parroquia lembran os nomes dalgúns danzantes como Manuel Gacio Carrasco, Xesús do Vallecas, Manuel López do Vallecas, Pablo do Rosende, Alfredo do Xaquín etc.

Na actualidade a única danza, que pervive no percorrido procesional na provincia de Lugo, é a da Cervela (O Incio).

²⁴ BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 110. “As venias á Virxe de Guadalupe, que se facían en parellas e os catros xuntos, díás ou tres veces cara adiante e outras tantas cara atrás”

²⁵ BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 110. “Os repasos que se dan a toda a procesión dun xeito normal, é decir, dous danzantes por cada lado, cruzándose despois de cada imaxe, tanto ao baixar como ao subir”.

²⁶ BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 110. “As volteretas ou Corros”, que teñen lugar arredor da Virxe”

²⁷ BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 110.

IV. SANTUARIO DA NOSA SRA. DAS DORES.

1. LOCALIZACIÓN.

- 1.1 P.Eclesiástico.** Freguesia de O Salvador de Vilasante. Arciprestado de “O Saviñao”. Diocese de Lugo.
- 1.2 .P.Civil.** Lugar de Vilasante. Parroquia de O Salvador de Vilasante. Concello de “O Saviñao”

COORDENADAS U.T.M.

X: 612.290 Y: 4.715.374



A este santuario fanse varias alusións:

“ESCAIRÓN.

*Se venera una imagen de Nuestra Señora de los Dolores en la antigua iglesia parroquial de El Salvador de Villasante, que es la de la villa de Escairón, capitalidad del municipio de O Saviñao. Mucha concurrencia de fieles de la comarca en la 3ª dominica de septiembre*²⁸.

“VILASANTE, San Salvador.

*Nuestra Señora de los Dolores. Saviñao. Lugo. 3º domingo de septiembre*²⁹

2. TRAZOS ARTÍSTICOS DO SANTUARIO.

ESTANDANTE. AS DORES DE VILASANTE.

Ao falar do Santuario das Dores do Saviñao, o máis habitual é que fagamos alusión ao recinto sacro, que está situado no lugar de Vilasante, e preto da vila de Escairón, que é a capitalidade do concello de O Saviñao. No obstante, nesta vila o arquitecto D. Efrén García Fernández construíu unha igrexa nova, dedicada tamén á Virxe das Dores, na que se conmemora a súa festividade a primeira semana de Agosto. No ano 2019, esta

²⁸ www.Diocesisdelugo.org. “Santuarios de la Diocesis de Lugo”, 7-XII-2012..

²⁹ CEBRIÁN FRANCO, Juan José . : *Maria en los Pueblos de España. Guía paera visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Madrid: Ed. Encuentro, 1989, páxs. 196-197.

advocación mariana saiu en procesión nunha zodiac e percorreu o río Miño, dende Belesar ata a Praia da Cova. O impulsor deste evento foi o párroco de Escairón Carlos Eduardo Salazar.

Con respecto ao santuario, que nos ocupa, pasou ao longo dos anos por relevantes reformas, que fixeron posible que fora perdendo as súas peculiaridades. Con todo, o recinto sacro consta na actualidade dunha soa nave rectangular, e a súa cuberta – a dúas augas- é de madeira no interior e de tella nso exterior. Ademais, posúe un retablo do último terceiro do século XVII, adosado ao muro derecho, que amosa columnas entorchadas con estrías, tres fornelas no piso principal e unha no ático cun frontón partido por dous lóbulos. Hai un epígrafe no que se le o seguinte:

“PINTOSE SIENDO CURA D. FRANCISCO PRIETO / AÑO DE 1862 POR JOSÉ FERNÁNDEZ SÁNCHEZ”/

O frontal é do século XIX. Hai unha escultura, do século XII, que fai referencia a San Antón de Padua. Así mesmo, ata hai poucos anos



RITUAL PROCESIONAL. AS DORES DE VILASANTE.

gardábase no interior do templo unha cruz parroquial de prata do século XIX; dous cálices e, tamén, dous ciriais do mesmo material³⁰.

3. DEVOCIÓN POPULAR.

Antano a festividade celebrábase o 15 de setembro. Na actualidade conmemórase o terceiro sábado e domingo do devandito mes. Hai anos viñan devotos non só de diferentes comunidades de O Saviñao, senón tamén doutras de concellos limítrofes

³⁰ RIELO CARBALLO, Nicánor.: *Inventario Artístico de Lugo y su Provincia*, Madrid: M.E.C. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, 1975, páxs. 329-330.

como Pantón, Monforte de Lemos, Chantada, Bóveda, e O Incio. Hoxe a maioría dos fieis proceden dalgunhas parroquias de O Saviñao e uns poucos das Terras de Lemos.

Os pedimentos máis usuais acostuman facerse por doenzas humanas e por problemas de carácter familiar e social. Hai anos adoitaban vir algunas mulleres embarazadas para ter fillos sanos e non padecer durante o parto; tamén, acudían algúns doentes crónicos e desauciados. Os ofertantes levan a cabo habitualmente a promesas logo de acadar as diferentes petición. Trátase dun cumprimento “a posteriori”. No obstante, tamén hai fieis, que acoden todos os anos por algún pedimento concedido noutrora pola entidade sacra.

3.1. RITUAIS E OFRENDAS.

Os ofrecidos realizan unha serie de rituais e ofrendas, que teñen como finalidade pregar a axuda da advocación mariana ou agradecer o favor xa recibido.



En canto
aos rituais,
nove días
denantes da
festividáde
celébrase ás
oito da mañá
unha novena
na honra da
advocación

OFRENDA DE VELÓNS. AS DORES DE VILASANTE.

mariana das Dores na igrexa parroquial de Vilasante. Lévanse a cabo os seguintes actos: rez do Santo Rosario; celebración dunha misa con predicación; pregarias propias de cada día e xerais; como remate, o rogo dos fieis asistentes ao ritual. Logo, as oito da tarde realiza outra novena na igrexa de Escairón, capital do municipio, cos mesmo oficios relixiosos. A este ritual acoden moitos fieis da parroquia, doutras comunidades limítrofes e, tamén, de Escairón. A razón deste feito radica en que, ao ser unha festividáde que se conmemora unha vez ao ano, desperta interese a solemnidade con que se realizan os seus actos. Con respecto á práctica penitencial, áinda que nambalas dúas datas a maioría dos devotos acoden en coches privados, hainos tamén que veñen

caminando dende o seu lugar de orixe. Deste xeito coa purificación e mortificación corporal pretenden acumular méritos, que propicien á entidade sacra. Os fieis, ao chegar ao centro sacro, oen algunha das misas, que se ofician no transcurso da mañá e primeiras horas da tarde. No ano 2019, tanto o sábado como o domingo o párroco oficiou misas as 10,11, e 13 horas, Ademais, os devotos aproveitan a súa estancia no interior do santuario para bicar e tocar o manto da imaxe mariana cunha finalidade profiláctica e curativa; este ritual tamén se leva a cabo no transcurso da procesión. Ao rematar a misa solemne, sae a procesión, que vai ata un cruceiro, situado preto do santuario circundandoo e retornando logo ao seu punto de partida. Diante da procesión vai a cruz parroquial e un estandarte mariano, portados por fregueses da comunidade. Logo, as imaxes do Neno Xesús; do San Antón; da Santa Lucía; de San Xosé, portadas en andas por fregueses de Escairón e da comunidade parroquial. A continuación, a advocación mariana das Dores, levada



DEVOTA BICANDO O MANDO DA VIRXE. AS DORES DE VILASANTE.

tamén en andas por catro devotos ofrecidos. Rematando o cortexo, vai o crego oficiante e os devotos colocados sen distinción de idade e sexo. Hai anos a imaxe mariana das Dores era levada nun carro, tirado por dous devotos, previo pago dunha esmola. Logo, pasou a ser levada en andas por fregueses ofrecidos, que pagaban un estipendio, e ían vestidos con hábitos negros. Ademais, antano había devotos, que pasaban baixo as andas da imaxe mariana. Así mesmo, os fieis como compensación polos favores recibidos ou como ofrenda propiciatoria realizan as seguintes ofrendas:

Achegan velóins -cirus pequenos- que colocan acesos ao carón do altar. Tamén, aportan unha esmola en metálico nas boetas, que hai no santuario, e no transcurso das

misas. Hai anos había ofrecidos, que prendían billetes no manto da Virxe. Tamén, algúns traían figuras de cera, que representaban ao corpo humano.

V. CONSIDERACIÓNIS ANTROPOLÓXICAS SOBRE OS SANTUARIOS MENCIONADOS.

Os santuarios non só manifestan a vivencia da identidade da comunidade na que se localizan, senón tamén o sentido de apertura, que lles dá a devoción, que sinten os devotos doutras comunidades parroquiais polas súas imaxes de devoción. Este nivel de asistencia débese a sona, que tiveron estes recintos sacros, debido aos portentos, que se foron difundindo entre os romeiros. Sen milagres non hai posibilidade de crear devoción. O milagre pode chegar a ser a concreción positiva dun acto de fe polo que se



A PROCESIÓN CIRCUNVALA O CRUCEIRO. AS DORES DE VILASANTE

vincula ao beneficiario dunha gracia cunha imaxe de devoción³¹. Pois ben, estes feitos transcendentais son a manifestación do poder das diferentes imaxes de devoción, que actúan -segundo unha óptica oficialista- como mediadoras ante Deus, chegando a posuir todo o seu poder sobrenatural. No obstante, dende unha óptica popular estas imaxes de culto non actúan como intermediarias ante Deus, senón que teñen un poder inherente ao seu ser, e dicir que son entidades sacras cun poder propio. Agora ben, dende ambas as dúas ópticas as imaxes son as que gozan de gracia, virtude e favor. De aí que os

³¹ MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela.: “El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. I Antropología e Historia*. Anthropos. Barcelona, 1989, páxs. 164-186.

romeiros teñan coas entidades sacras un importante código comunicativo, baseado en signos lingüísticos e corporais, destiñado a acadar a súa protección e indulxencia así como o agradecemento por un favor outorgado. Esta graza sacra está, como sucede con toda a relixiosidade popular, suxeita a un intercambio baseado no principio de “dou para que me deas”.

Por iso os devotos realizan unha serie de promesas. Algunhas de carácter oficialista, como oír misa; participar na procesión; e aportar unha esmola en metálico. Outras, pola contra, de raíz popular, como calquer ritual de contacto coas diferentes advocacións mariñas; o ritual de circunvalación interior ó redor da imaxe de devoción, que se leva a cabo nos Santuarios de Aiaz e Diomondi, e que recibe o nome de “Andar novenas”; e a doazón dalgúns “velóns”³², que os devotos adoitan poñer acesos ao carón das imaxes de devoción.

Por outra banda, cómpre sinalar que a dimensión sacra transmítese ao exterior mediante a procesión colectiva, logo da misa solemne, que proporciona unha enerxía positiva a todos os seres, que se encontran no seu percorrido. Con respecto ás imaxes de devoción, que saen na procesión, cómpre distinguir que as imaxes rectoras dos Santuarios dos Milagres de Aiaz, dos Remedios de Diomondi, e da Guadalupe de San Victorio, son sacadas en procesión nun



UNHA DEVOTA PASA A MAN POLO VESTIDO DA IMAXE MARIANA DAS DORES.

carro enfeitado de flores, tirado por dous devotos das correspondentes freguesías, que adoitan aportar previamente unha esmola ao crego encargado do recinto sacro. Este costume levábbase a cabo noutros santuarios da comarca, como o Santuario do San Mateo (A Parte) (Monforte), e o Santuario da Virxe dos Remedios de San Estevo de Espasantes (Pantón). Esta tradición provén de finais do século XIX ou principios do

³² Son cirios pequenos e grosos, preferentemente de cor vermello.

XX. Así, sabemos que o Sr. Franjo de Monforte de Lemos realizou algúns destes carros a comezos do século XX³³. Este costume, ademais é descrita por algúns etnógrafos, como Taboada Chivite “ *Pola mañá...repicar das campás, cortexo procesional, precedido da cruz e outros pendóns; imaxe sobre andas ou en carro enfeitado*”³⁴.

Pola contra, as demais imaxes de devoción, que soen acompañar a imaxe central, son levadas nas andas por devotos de ambos os dous sexos, aínda que as imaxes das adbocacións marianas e as das santas soen portalas mulleres das devanditas freguesías. Respecto a disposición da procesión Álvarez Gastón distingue unha serie de trazos: trátase de manifestacións más multitudinarias non só polos participantes activos senón tamén polos numerosos espectadores; no interior da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses; ademais, neste ritual é mester reparar nas imaxes, no xeito de



levalas, no
pobo que
toma parte e
no que mira,
así como no
espírito da
celebración
reflectido en
cantos, rezos
e mesmo no

DEVOTOS ASISTENTES Á MISA SOLEMNE. AS DORES DE VILASANTE.

silencio³⁵. Este costume lévase a cabo en moitas relixións. Así, entre os hebreos realiza o rito de xirar arredor do altar. Os budistas realizan procesións en torno as stupas³⁶. Os musulmáns dan sete voltas arredor da Kaaba na Meca...

Así mesmo, hai que sinalar que nestes santuarios marianos hai devotos que denantes de entrar en contacto coas entidades sacras se purifican realizando actos penitenciais propiciadores da grazia divina, como vir caminando dende o seu lugar de orixe. O camiñar constitue a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporais.

³³ Informante da parroquia de A Parte (Monforte de Lemos).

³⁴ TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 157.

³⁵ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: *La religiosidad popular*, Madrid: Biblioteca de autóres cristianos, 1981, páx. 7.

³⁶ Tipo de arquitectura budista construída para conter reliquias. Deriva probablemente dos antiguos túmulos funerarios.

Ademais, é mester sinalar que as celebración relixiosas dos referidos santuarios compleméntanse, agás en Vilasante (O Saviñao) -año 2019-, cunha dimensión laica na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer; mercan produtos de diferente índole ,entre os que hai que salienar as rosquillas, e atenden nas casas de seu aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, e o tempo para bailar unhas pezas. En Diomondi, nun souto cerecano ao recinto saco, hai o costume de que grupos de romeiros xantan en terreos, previamente acoutados cunhas cintas, e, logo, á tardiña participan nos cantares e nos sons que algún grupo de gaiteiros adoita traer para deleitar á concorrenza.



Finalmente, nos últimos anos foise producindo un descenso pasenijo de romeiros. A razón principal radica en que o aumento do nivel cultural destas comunidades rurais e os medios de comunicación social constitúen importantes canles para coñecer outras visións relixiosas e seculares do mundo que, sen dúbida, foron reducindo o carácter operativo de certas prácticas rituais.

Por outra banda, neste concello cómpre sinalar outras festas, que teñen a súa importancia.

- * A Virxe do Toxo en Sobreda, o día 8 de setembro.
- * Os Agucios de Vilelos, o último venres de setembro.
- * As festas patronais de Escairón, o primeiro fin de semana de agosto na honra da Virxe das Dores. Hai que distinguir, a nivel profano, dous actos básicos: a carreira de burros e o tiro da corda por parroquias.
- * A festa das noces en Fión, o primeiro domingo de outono.
- * A romaría do Coto do Santo en Currelos, o 1 de novembro.
- * As festas do Entroido en Escairón. Compadres e Comadres.

VI. BIBLIOGRAFÍA.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: La religiosidad popular, Madrid: Biblioteca de autorías cristianas, 1981, pág. 7.

ARREGUI, Gurutze e MANTEROLA, Ander.: “Religiosidad popular”, en Aguirre, Ángel (dir.). *Diccionario temático de Antropología*. Barcelona: Boixaneu, 1993, pág.532

BAENA YERÓN, Carmen.: “Diomondi”, en *www. Arquivoltas. com*.

BASURKO, Xavier.: “ Los santuarios hoy: claves de interpretación teológica-pastoral”, en *Santuarios del P. Vasco y Religiosidad popular. II Semana de Estudios de H^a Eclesiástica del País Vasco*. Vitoria, 1982, pág. 307.

BECERRA RODRÍGUEZ, S. « De ermita a santuario: reflexiones a partir de algunos casos de Andalucía». En : Romaría e Peregrinacións. Actas do Simposio de Antropología. Consello da Cultura Galega. Santiago, 1992.

BERNÁRDEZ LÓPEZ, M^a Elena.: *Galicia, pueblo a pueblo*. La Voz de Galicia, 1993, pág. 1336.

BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, pág. 110. “As volteretas ou Corros”, que teñen lugar arredor da Virxe”

CARDESO LIÑARES, J.: Santuareios marianos de Galicia. A Coruña: Ed. de Caixa Galicia, 1995.

CASTÓN BOYER, Pedro.: “La religiosidad tradicional en Andalucía. Una aproximación sociológica”, en CASTÓN BOYER y otros, *La religión en Andalucía. Aproximación a la religiosidad popular*. Sevilla: Edt. Andaluces Unidos, 1985, pág. 101.

CEBRIÁN FRANCO, Juán José.: *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago de Compostela)*, Santiago, 1982, pág.6.

CEBRIÁN FRANCO, Juan José . : *Maria en los Pueblos de España. Guía paera visitar los Santuarios Marianos de Galicia*. Madrid: Ed. Encuentro, 1989, páxs. 196-197.

DÍAZ, L.: *Estado precario da Capela de Guadalupe*, Voz de Galicia. Monforte, 18-1-2019.

ELIADE, Mircea. *Imágenes y Símbolos*, Madrid: Ed. Taurus, 1979.

EQUIPO “IR INDO”: GUZMÁN LÓPEZ, Criastina; IGLESIAS PÉRES, Montserrat e outros.: *Galicia en Comarcas, Lemos e Sarria*, Vigo: Ed. Ir Indo, 2005, pág. 148.

FIGUEROA PAZ, Antonio V.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (SIX). *Autor do mapa de localización dos santuarios do municipio de Sarria*.

FRAGUAS, Antonio (1988): *Romarías e Santuarios*, Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica de Cultura Galega, 1988.

GONDAR PORTASANY, , Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*, Vigo: A Nosa Terra, 1993.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en *Tempos de Festa en Galicia. Entre os Reis e o mes de Maio*. T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: *Os Santos titulares de parroquias en Galicia*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2012.

MALDONADO, Luís.: “Dimensiones y tipos de la religiosidad popular”, en *Concilium (Rev. Internacional de Teología)*, 206, 1986, páxs.9-18.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Las Romerías / Peregrinaciones y sus símbolos. Vigo: Ed. Xerais, 1987, pág. 13.

MARIÑO FERRO, X.R. *Santuarios mágicos de Galicia*, Vigo: Ed. NigraTrea, 2003.

MUÑOZ FERNÁNDEZ, Ángela.: “El milagro como testimonio histórico. Propuesta de una metodología para el estudio de la religiosidad popular”, en *La Religiosidad Popular. I Antropología e Historia*. Anthropos. Barcelona, 1989, páxs. 164-186

PITT RIVERS, Julián.: “L'identité locale vue á travers la fiesta”, en *Coloquio Hispano-Francés. Culturas Populares. Diferencia. Divergencias. Conflictos*. Universidad Complutense. Madrid, 1986.

PRAT I CARÓS, Joan.: “Los Santuarios Marianos en Cataluña: una aproximación desde la etnografía”, en *la Religiosidad Popular. III. Hermandades. Romerías. Santuarios*. Anthropos, Barcelona, 1989, pág. 227.

RIELO CARBALLO, Nicanor.: *Inventario Artístico de Lugo e provincia*, Madrid: M.E.C. Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural. T.II. 1975, páxs. 293-294.

TOSCHI, P.: *Guida allo studio delle tradizioni popolari*. Serie di Antropología, etnología e religione. Boringheri. Torino, 1974, pág. 24.

VOVELLE, Michel.: “La religión popular”, en *Ideologías y mentalidades*. Barcelona: Ariel, 1985, pp.125-131. “Esta visión, propia dos folkloristas estaría relacionada cun conxunto de supervivencias pagás, de supersticións e xestos máxicos, con trazos de sincretismo cristián”

WILLIAM A., Christian Jr.: *Religiosidad local en la España de Felipe II*, Madrid: Nerea, 1991, pax. 11.

WILLIAM A., Christian Jr.: “ De los sanr5tos a María: panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la Edad Media hasta nuestros días”, en Temas de Antropología española, Madrid: Akal, 1976.

TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 157.

www.diocesisdeLugo.org. “Santuarios de la Diócesis de Lugo”, 7-xii-2012.

INFORMANTES.- *José Luís Díaz Soto. María Belén Díaz Álvarez.*

Maria Luisa Fernández López. José Antonio González Fernández

José López. Ana Rodríguez.